

***Sibila*, lugares contemporâneos da poesía: Alberte Momán**

Alberte Momán Noval | 16 dez 2014 |

ALBERTE MOMÁN NOVAL nasceu em Ferrol, Galicia, España, em 1976. É enxeñeiro técnico agrícola e un dos importantes poetas galegos da actualidade, mantendo poeticamente viva una lingua que, através da variação dialectal do galego-português, confunde-se com as origens da própria lingua portuguesa – o que fica surpreendentemente claro na entrevista abaixo e em seus poemas. Publicou, entre outros, *O lobo da xente* (Edicións Positivas, 2003), *O alento da musa* (Difusora de Letras Artes e Ideas, 2007), *Ferrol e o que queda por chover* (Lulu.com, 2008), *Erótica*. (Lulu.com, 2008), *Baile Átha Cliath* (Caldeirón, 2008), *A crise irredutible* (Lulu.com, 2009), *Por unha palabra tan só. Poema para @s máis nen@s* (ed. de autor, 2010), *Os quilómetros que percorremos dende aquela* (Editorial Toxosoutos, 2011) e *Vattene!* (Cadernos Q de Vian, 2012).

Lectura de poesía

Sibila: Vostede le poesía?

Momán: Leo, si.

Sibila: Que poesía le?

Momán: Leo a poesía que se escribe, doutro xeito, vería poesía ou escoitaría poesía. Mais, despois desta precisión absurda, debo dicir que leo grande parte do panorama actual do meu país, Galiza, así como aquilo que foi vangarda e que hoxe é unha curiosidade nos andel dalgunha, poucas xa, librería.

Sibila: Ler poesía ten algún efecto?

Momán: Non necesariamente ten algún efecto. Ás veces adormenta, e outras produce o efecto contrario. En ocasións odio quen escribe a poesía que leo, e outras veces aproxímome á persoa que a escribe. Podo ficar indiferente ou podo involucrame no proceso de extraer algún significado.

Escritura de poesía

Sibila: Que agarda vostede ao escribir poesía?

Momán: O primeiro que pretendo é dar saída a un sentimento, non necesariamente un pensamento, xa que o sentir e o pensar, en moitas ocasións, van por camiños distintos. O segundo que pretendo, é que alguén conclúa co traballo que inicié coa escrita. Dou por rematado ese proceso cando atopo quen lera eses textos. A poesía, non deixa de ser unha forma de terapia.

Sibila: Cal sería o mellor efecto que pode vostede obter da práctica da poesía?

Momán: Coido que o mellor sería acadar o entendemento pleno. Unha relación íntima entre a persoa que le e a persoa que escribe.

Sibila: A súa poesía ten interese público?

Momán: Desconfío da poesía que non ten interese público. Considero á persoa que escribe dentro dun contexto socio-económico. Afastarse dese contexto, resta capacidade á poesía.



Publicación de poesía

Sibila: Cal é o mellor soporte para a súa poesía?

Momán: Calquera dos soportes é bo se permite a comunicación. Toda poesía debe conter unha mensaxe que debe ser captada por un receptor. Calquera que sexa a canle, mentres facilite a comunicación, é boa.

Sibila: Cal é o mellor resultado que espera da publicación da súa poesía?

Momán: O que agardo trala publicación dos meus poemas é que alguén lles atope un sentido.

Sibila: Quen sería o mellor lector dos seus libros de poesía?

Momán: Descoñezoo. Se cadra, eu mesmo.

Sibila: Que é o que máis lle gustaría que acontecera despois da publicación do seu libro de poesía?

Momán: Poder atopar algunha persoa que lle atopase un sentido.

* * *

Poemas

I

levo sobre a pel

as bágoas
das mulleres todas que foron estirpe
e que hoxe son tan só mulleres

o cheiro a estrume
das zocas que bateron o meu corpo

a condición do ser
invisible

as pegadas

a sombra

a orixe
que deu en min
escrava

II

a calcinación da torrada
verquendo frangullas sobre o leite aínda momo
que sostará da salgada ferruxe das mareas

as engurras das mans
o xabón até os pulsos espidos
a auga a correr
conformando o manto proletario

aló
o mar
tan perto e tan lonxe
dende os cumios de ferro
os guindastres dos que desprenderse e caer
espirse da calor do lume da soldadura
do contacto da pel núa sobre o ferro candente
e máis
un petisco
no alto
observando como o sol apaga o océano

* * *